

Sylvia undata (Boddaert, 1783)

	papuxa do mato
	curruca rabilarga
	etze-txinboa
	talleta cuallarga
	datford warbler
	felosa-do-mato



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIS

Peso	10 g
Lonxitude	12-13 cm
Envergadura	13-19 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Sylviidae	<i>Sylvia</i>

ALIMENTACIÓN

Principalmente invertebrados; en outono/inverno tamén pequenos froitos e sementes.

COMPORTEMENTO

Esta é unha especie sedentaria, realizando se acaso curtos movementos transhumantes. A femia constrúe un niño en forma de copa usando raíces e talos pequenos de herba, entre as ramas dun arbusto e preto do chan.

REPRODUCCIÓN

Celo de finais de abril ata xullo. 2-3 postas anuais, de 3-6 ovos brancos a verdosos que son incubados por ambos proxenitores durante 12-14 días. Aos 12-14 días os polos poden voar, e independízanse nos 10-15 días posteriores.

HÁBITAT

Principalmente en áreas de matogueira e bosques abertos.

DISTRIBUCIÓN

Está presente no sueste de Europa (península Ibérica, oeste de Francia, Italia e sur de Reino Unido) e no noroeste de África (Marrocos, Arxelia e Túnez).

CURIOSIDADES

Sen parar e ao abrigo da matogueira densa, desta ave só se ve unha pequena bola de plumas cunha cola longa que abandona fugaz un arbusto para esconderse noutra. Esta timidez desaparece na época de celo, cando o macho se exhibe no máis alto dunha rama emitindo o seu canto nupcial.

No noso territorio poden aparecer as formas “darifordiensis” e “toni”.